



ENTROIDO 2019 TUI

Bases de Participación no Desfile - Concurso de Comparsas & Grupos

Martes 5 de marzo de 2019 ás 17:00 h



PRIMEIRA					OBJECTO				
<p>O obxecto destas Bases é a convocatoria dun concurso entre comparsas e grupos de Entroido no municipio de Tui.</p> <p>O Excmo. Concello de Tui, a través da súa Concellería de Cultura, Patrimonio, Medio Ambiente e Deportes convoca o Desfile – Concurso de Comparsas & Grupos, que se realizará dentro das actividades do Entroido 2019 na cidade de Tui, o martes 5 de marzo ás 17:00h, festivo local.</p> <p>En caso de suspensión por choiva, terá lugar como única opción o domingo 17 de marzo ás 17:00h.</p>									
SEGUNDA					INSCRICIÓN				
<p>A inscrición levarase a cabo nos tres días hábiles posteriores ó día da publicación destas bases no BOPPO, en horario de 09:00h a 14:00h, por rexistro de entrada, no dpto. de Secretaría do Concello de Tui ou por sede electrónica, en impresos normalizados para tal fin.</p> <p>Limitase a participación ás 20 primeiras comparsas e ós 5 primeiros grupos inscritos, coa excepción que nunca unha comparsa ou grupo de Tui quedará fóra do concurso.</p> <p>No intre de formalizar a inscrición (segundo impreso normalizado) é obrigatoria a presentación da seguinte documentación, senón non será admitida a solicitude:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Copia do NIF da asociación participante. - Copia do nomeamento da xunta directiva do libro de actas da asociación. - Copia do DNI do presidente da asociación. 									
TERCEIRA					MODALIDADES				
<p>COMPARSAS: requírese un mínimo de 25 persoas disfrazadas en conxunto ata un máximo indefinido.</p> <p>GRUPOS: requírese un mínimo de 10 persoas disfrazadas en conxunto ata un máximo de 20 persoas.</p> <p>Ámbalas dúas modalidades competirán conxuntamente nas diferentes categorías que levan compensación económica como premio no concurso que rexen estas Bases.</p>									
CUARTA					XURADO				
<p>O xurado estará formado por 6 membros de asociacións tudenses, 4 cidadáns tudenses e 2 traballadores do Concello, e estará presidido polo Concelleiro de Cultura.</p>									
QUINTA					CRITERIOS DE VALORACIÓN				
<p>Teranse en conta como méritos na valoración do Premio Xeral: Concorrenxia (número de participantes por comparsa ou grupo), Actualidade (presente, novidade), Vestuario (roupa), Parodia (interpretación, sátira, sarcasmo, crítica), Acompañamento Musical (música en vivo e animación musical creada en directo) e Carroza (ou elementos construídos).</p> <p>O baremo de puntuación é de 0 a 6 en cada mérito, así como no premio de Fantasia (vestuario, coreografía), mentres que en A. Musical será de 0 a 3 puntos, máximo. No criterio de valoración de Concorrenxia coma mérito, darase 1 punto por cada 10 participantes inscritos por inscrición.</p> <p>O xurado ten liberdade absoluta para vulgar aos participantes nas diferentes modalidades a concurso e, en consecuencia conceder os premios e fixos que establecen estas bases. En todo caso, pode declarar deserto un ou varios premios, así coma, diminuír a contía dos fixos outorgados pola participación, no caso de falta de méritos de valoración claros e específicos, como de dificultade, orixinalidade, ou calidade, así como pola non participación do 50% total dos integrantes no Enterro do Bacallau, ou asistencia tardía ao mesmo, ou ao Desfile, coma desobediencia á organización ou calquera circunstancia que sexa motivo de penalización.</p> <p>O Xurado, unha vez finalizado o Desfile redactará unha Acta de Escrutinio, na que se recollerán os premios outorgados a cada participante no concurso segundo estipulan estas Bases, como os designados desertos; así mesmo, unha vez finalizado o Entroido se redactará unha Acta de Participación, que recollerá as cantidades económicas fixas por participación e as penalizacións se as houbera. Ambas Actas se enviarán a cada participante unha vez finalizadas as actividades enmarcadas nestas Bases.</p>									
SEXTA					PREMIOS E FIXOS				
PREMIOS	XERAL PARODIA	CARROZAS	A. MUSICAL	XERAL FANTASIA	FIXOS	COMPARSAS TUDENSES	COMPARSAS FORÁNEAS	GRUPOS TUDENSES	GRUPOS FORÁNEOS
1º trofeo +	700 €	400 €	300 €	250 €	CON CARROZA	500 €	250 €	200 €	100 €
2º trofeo +	600 €	350 €	250 €						
3º trofeo +	500 €	300 €	200 €	SEN CARROZA	250 €	125 €	100 €	50 €	
4º trofeo +	400 €	250 €	150 €						
5º trofeo +	300 €	200 €							
6º trofeo +	200 €	150 €							
7º trofeo +	100 €								
<p>No Desfile – Concurso de Entroido 2019 repartiranse 5.600 € en 18 premios de catro categorías, así como, 18 trofeos valorados en 400 €, e reservaranse 11.000 € como fixos por participación, cifra máxima establecida no caso de que todos os inscritos foran de Tui e concorreran con carroza.</p> <p>Unha vez enviadas as Actas de Escrutinio e Participación, requirirase a seguinte documentación para o cobro dos premios, así como para o cobro dos fixos cuxa factura se presentará a través de FACE (o código DIR3 do Concello de Tui en FACE é: L01360558), plataforma de facturación electrónica na que se debe achegar a dita documentación :</p> <ul style="list-style-type: none"> - Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado. - Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contrata, segundo impreso normalizado. - Declaración responsable da exención do IVE, se fóra o caso, segundo impreso normalizado. - Certificado de código conta cliente da asociación inscrita. 									
SÉTIMA					PERCORRIDO				
<p>A concentración de participantes farase o martes 5 de marzo de 15:00h a 16:30h no tramo final da rúa Casal Aboy e rúa A Guarda, accedendo obrigatoriamente pola intersección da Avenida da Concordia coa Rúa Maristas e logo pola rúa Ourense, colocándose en orde para a saída que será ás 17:00h.</p> <p>O percorrido será por un circuíto pechado ao tráfico polas rúas Casal Aboy, Compostela, Betanzos, Irmáns Maristas, Ourense e A Guarda, con prohibición de paradas. Establécese que as comparsas non poden ocupar máis de 150m de longo, e a separación entre elas non pode ser superior a 15m. (carrozas medidas máx: altura 4m - ancho 3m - largo 12m)</p> <p>Queda totalmente prohibido aos participantes nos diferentes percorridos a realizar, tanto no Desfile - Concurso como no Enterro do Bacallau, empregar ou o uso de calquera tipo de animais, de petardos, esprais ou lanzamento de obxectos perigosos ó público ou ben a outros participantes.</p>									
OITAVA					ORDE DE SAÍDA				
<p>A orde de saída dos participantes, debidamente inscritos, asignarase mediante sorteo público, que se realizará o luns 25 de febreiro ás 20:00h no Salón de Sesións do Concello de Tui. Ao mesmo deberá asistir obrigatoriamente un representante, maior de idade, por cada inscrición realizada, outorgándolle un número que deberá levar cada participante nun lugar visible, tanto no Desfile – Concurso, como no Enterro do Bacallau, respectando a seguinte orde de saída:</p> <p>1º: comparsas de fantasía - 2º comparsas sen acompañamento musical - 3º comparsas con acompañamento musical - 4º: comparsas sen carroza - 5º: grupos</p> <p>Ao remate do sorteo será o momento de realizar trocos entre números de participación dentro destes criterios de orde mencionados, segundo aprobación da organización.</p>									
NOVENA					ENTERRO DO BACALLAU				
<p>Os premios do Desfile – Concurso e as cantidades fixas por participación serán aboadas sempre e cando o 50% dos participantes das comparsas no desfile, asistan ao Enterro, de rigoroso loito, perfectamente identificados e acompañados por tódolos músicos participantes no desfile.</p> <p>O Enterro do Bacallau celebrarase o domingo 10 de marzo, saíndo ás 19:30h dende a Praza de San Fernando, para percorrer as rúas Seixas, Porta da Pía, Ordoñez, Corredoira, con parada no Cantón de Diómedes para realizar o funeral, lendo ou cantando as coplas (3 persoas e 5 minutos máximo, a cara descuberta) ao finado Bacallau, tanto os grupos ou comparsas que así o desexen (entregar copia previa no rexistro de entrada o mércores 6 de marzo de 09h a 14h e serán lidas por orde de rexistro), seguindo pola rúas Bispo Lago, San Telmo, Cuenca, Antero Rubin, Baixada ao Embarcadoiro e Paseo Fluvial, onde será a cerimonia de incineración para dar remate á festa.</p> <p>Os gañadores do premio xeral serán os portadores do Bacallau, os gañadores en a. musical farán a escolta musical, e os gañadores en carroza fabricarán o bacallau.</p>									
DÉCIMA					COMUNICACIÓN				
<p>Estas Bases entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Estarán a dispor dos interesados, xuntos ós modelos de inscrición, e outros anexos solicitados, na páxina web www.tui.gal, no taboleiro de información do Concello de Tui e no departamento de Cultura. Tamén serán difundidas a través da Radio Municipal de Tui e en diferentes medios de comunicación e redes sociais.</p>									